

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2021/G005/000022.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores**, día **mércores 9 de xuño de 2021, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS DO 5, 12, 19 E 26 DE MAIO DE 2021.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO FURGON L1H1 PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE VÍAS E OBRAS. EXPTE REF. 2020-C004-000024. DECLARACION DE DESERTO.

3. RESOLUCIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE DEMOLICIÓN E REPOSICIÓN Ó ESTADO INICIAL DAS OBRAS FEITAS EN TOLDA DE CASTELA NO EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA 137/02 EN EXECUCIÓN DA SENTENZA 371/1998. (EXP. REF. 22-2015).

PERSOAL

4. APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A SETE PRAZAS DE INSPECTOR DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018 E 2020).

5. APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE INTENDENTE DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018).

FACENDA LOCAL

6. SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN DO 50% DA COTA DO IMPOSTO SOBRE

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac4826329512193499318.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-6-2021

CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS PRESENTADA POLA DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS PARA UNHA EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DE CEBO DE POLOS CAMPEIROS EN SANTA CRISTINA-SAN ROMÁN.

7. RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A LIQUIDACIÓN NÚM. 10220557 (230/2020), XIRADA A NOME DA MERCANTIL EN CONCEPTO DE TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS E IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS, POLAS OBRAS DE MODIFICACIÓN DE ESTACIÓN DE SERVIZO EN SOÑARIÑO (SOÑAR).

TESOURERÍA

8. ADXUDICACIÓN DE BENS AO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN PAGO DE DÉBEDAS NON CUBERTAS.

9. ADXUDICACIÓN DE BENS AO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN PAGO DE DÉBEDAS NON CUBERTAS.

10. ADXUDICACIÓN DE BENS AO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN PAGO DE DÉBEDAS NON CUBERTAS.

11. ADXUDICACIÓN DE BENS AO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN PAGO DE DÉBEDAS NON CUBERTAS.

12. ADXUDICACIÓN DE BENS AO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN PAGO DE DÉBEDAS NON CUBERTAS.

13. ADXUDICACIÓN DE BENS AO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN PAGO DE DÉBEDAS NON CUBERTAS.

14. ADXUDICACIÓN DE BENS AO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN PAGO DE DÉBEDAS NON CUBERTAS.

15. ADXUDICACIÓN DE BENS AO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN PAGO DE DÉBEDAS NON CUBERTAS.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

16. LICENZA URBANÍSTICA PARA A REHABILITACIÓN (REESTRUCTURACIÓN) E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO SITO NA AVDA. DA CORUÑA, NÚMERO 23. (Expte: 112/19).

17. TOMA RAZÓN DE SENTENCIA FIRME Nº 98/2021 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE LUGO, NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO PROCESO ORDINARIO NÚMERO 64/2018, INTERPOSTO POLA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA. (Expte: 273/10).

18. LICENZA URBANÍSTICA PARA CAMBIOS NA DISTRIBUCIÓN INTERNA, CIMENTACIÓN E ESTRUTURA DA NAVE PARA CORTE LIBRE DE LEITE, ZONA DE MUXIDO E FOXA DE XURRO CUBERTA, SEN VARIAR A SUPERFICIE E DIMENSIÓNS, NO LUGAR DE BELESAR, NÚMERO 19, PARROQUIA DE SAN XOÁN DO CAMPO, (2021/Y001/000066).

19. LICENZA URBANÍSTICA PARA PARCELAMENTO DA PARCELA SITA EN ARXEMIL, PARROQUIA DE TEIXEIRO. (Expte. 42/19).

20. LICENZA URBANÍSTICA PARA REESTRUTURACIÓN PARCIAL DO FORXADO DO SOLO DE PLANTA 2ª DO EDIFICIO DE VIVENDAS, SITO NA PRAZA MÁRTIRES DE CARRAL, NÚMERO 1. (Expte: 2020/Y001/000200).

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Vicesecretaría, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,